1. Xustificación do plan.

O plan xeral de atención á diversidade que temos vixente no centro recolle as liñas xerais de actuación para co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Despois de revisalo, votamos en falta unhas liñas máis concretas para actuar con alumnado que, pola razón que sexa, repita curso.

Coa confección deste plan pretendemos dar un referente a todo o profesorado sobre a maneira de programar un reforzo, especialmente co alumnado repetidor, e, tamén, cumprir coa normativa recollida no Decreto 130/2009 polo que se establece o currículo de educación primaria e que no seu artigo 9, indica:

> *"3. O alumnado acadará a promoción ao ciclo educativo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grao de madurez. Accederase tamén ao seguinte ciclo cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.*
>
> *4. Cando o alumno ou alumna non cumpra as condicións establecidas no parágrafo anterior, permanecerá un ano máis no ciclo, tendo en conta que esta medida só se poderá adoptar unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo que os centros educativos organizarán de acordo co que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria."*

Tamén, ser consecuente coas instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa de data 28-01-2009 que indican que na programación docente deben incluírse as medidas de atención á diversidade e o programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.

Por outra banda, a introdución das competencias básicas como un elemento do currículo, obriga a revisar criterios de programación xa instaurados na cultura profesional do profesorado. Sendo as competencias un referente finalista e tendo en conta que o alumnado con NEAE, habitualmente, ten dificultades na adquisición dos obxectivos do currículo, centrar a programación -e con máis razón o programa de reforzo- nas compentencias básicas parece imprescindible nestes momentos, independentemente do opinables que poidan ser determinadas decisións a nivel administrativo, de centro ou de aula. No momento actual, todo o profesorado ten o seu modelo propio de reforzo, modelo que está fundamentado na propia experiencia, que pode resultar positivo e mesmo loable, pero que non segue, agás excepcións, a obrigatoriedade de incluír as competencias básicas. Nestas circunstancias, a formulación dun modelo xeral para todo o centro, que poida establecer as liñas comúns da maneira de efectuar o reforzo no centro, especialmente co alumnado repetidor, resulta plausible.

2. Alumnado a quen vai dirixido.

Aos efectos do plan, o alumnado do centro con NEAE pode clasificarse en:

- Alumnado con RE sen apoio de profesorado especialista.

O RE sen apoio son medidas que o propio profesorado deseña e aplica con aqueles alumnos e alumnas que teñen unhas certas dificultades de seguimento da programación diaria.

- Alumnado con RE con apoio de profesorado especialista.

RE educativo con apoio son medidas que contemplan o apoio temporal de profesorado especialista en dificultades na aprendizaxe. Implica informe psicopedagóxico.

- Alumnado con adaptación individual do currículo.

Segue a normativa recollida na Orde de 6 de outubro de 1995

- Alumnado repetidor.

Segue a normativa do Decreto 130/2009

No caso de alumnado con ACI, seguirá a normativa recollida na Orde citada. Pero como podemos considerar este caso como unha medida de reforzo en grao extremo, o esquema que seguiremos será prácticamente o mesmo para a ACI e para o RE. A diferencia, fundamental, é que a ACI refírese a obxectivos, contidos e criterios de avaliación, que só poden ser modificados neste caso con aprobación da inspección educativa, mentres que o RE non modifica elementos prescriptivos do currículo senón que incidirá máis en estratexias, formas e medios da avaliación, materiais, instrumentos…

Consideramos que o plan de reforzo debe ser un modelo que poida incluir a todo o alumnado con NEAE, que o profesorado aplique en distinto grao en función das características do alumnado a quen vai dirixido e que se centre –fundamentalmente- nas competencias básicas. Así, ainda que o obxecto principal do plan é o alumnado repetidor, pode ser aplicable tamén a aquel que teña RE con ou sen apoio de profesorado especialista.

3. Obxectivos do plan

Nos dous puntos anteriores, van implícitos os obxectivos que pretendemos e que concretamos da seguinte maneira:

- Servir de referente ao profesorado para elaborar un plan concreto de reforzo para alumnado repetidor e/ou alumnado con RE.

- Proporcionar un modelo que inclúa de maneira efectiva as competencias básicas na programación.

- Paliar as dificultades de aprendizaxe explicitando modelos que non repitan as mesmas circunstancias que levaron ao fracaso anteriormente.
- Centrar os apoios do profesorado, especialista ou non, nas estratexias, medios, materiais, recursos… e reflectilas na programación do reforzo.

4. Estructura do plan de reforzo.

No seguinte esquema temos a estructura do plan:



Partir do que coñece o alumnado para deseñar o que pode aprender é un concepto básico. Así, cando un neno ten dificultades de aprendizaxe e precisa medidas de reforzo, veremos a súa competencia con relación aos obxectivos do ciclo, é dicir o que coñece respecto do que debería coñecer, para, a partir de aí, deseñar as medidas de reforzo.

O RE non é unha ACI polo que hai que ter moi claro que non se poden cambiar nin suprimir elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación), pero si podemos modificar a maneira de presentalos, os tempos, as diferentes estratexias…

Partimos das competencias básicas para a elaboración dun plan de reforzo, tal como se recolle no Decreto 130/2009: *"O alumnado que non cumpra as condicións anteriores (…desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade…), permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polos centros arredor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe"*. Pero as competencias básicas non se ensinan senón que teñen contidos asociadas a elas que as desenvolven. E estes contidos son transversais. Polo tanto, se queremos centrar o reforzo nas competencias, primeiro deberemos elixir aqueles contidos básicos, imprescindibles, relacionados coa competencia que desexamos reforzar.

Para a elección destes contidos, a competencia debe estar estructurada en descriptores concretos. Dicir que un alumno debe ser competente lingüísticamente é non dicir nada, porque a definición é demasiado ambigua. Dicir que pretendemos que sexa competente para falar e escoitar, incrementa a concreción pero segue a ser indefinido; expresar que sexa quen de fixar unha información en forma de apuntes, esquemas ou comentarios escritos, indícanos a dimensión real e concreta da tarefa que debemos abordar.

Xa que logo, unha vez escollidas as competencias que temos que traballar (cos seus descriptores) e definidos os contidos concretos que as van a implementar, construir unha programación resulta doado, senón no tempo, si na técnica xa que, a partir de aí, é un modelo de sobra coñecido polo profesorado. Lóxicamente, para ser coherentes co modelo proposto, deberemos definir tamén os criterios de avaliación da competencia traballada.

Debemos insistir en que non se trata dunha adaptación do currículo ainda que teñan prácticamente o mesmo formato. Mesmo se o currículo está sobrecargado de contidos, que está; mesmo se moitos deles son discutibles, que tamén, a normativa é moi clara neste aspecto: non se poden modificar os elementos prescriptivos. Pero resulta evidente que o alumnado que fracasa xeralmente na adquisición de obxectivos precisa dunha reducción dos mesmos se queremos, entre outras cousas, que mellore a súa autoestima e conseguir resultados máis satisfactorios.

Se a pesar de que moitas voces están a pedir unha reformulación do que os nenos e nenas deben aprender; se estamos a pedir que se clarifiquen as fontes do currículo; se demandamos que se concreten responsabilidades de todos os axentes educativos e non se deixe todo en mans da escola; se pretendemos que se defina o que resulta imprescindible, pero non se define… só por citar algunhas incoherencias do sistema, a normativa di que debemos aplicar programas de reforzo para nenos que non alcanzan obxectivos, pero non está disposta a reducilos se non se trata dunha adaptación curricular. Así, existe unha especie de limbo educativo no que están aqueles nenos e nenas que non precisan unha medida tan drástica como a ACI pero que repiten curso. O Decreto 130/2009 indica que organicemos o plan ao redor das competencias, pero non indica cómo se pode facer iso no caso de alumnos con NEAE con dificultades de aprendizxe e que non precisan adaptación do currículo. E non podemos adecuar os contidos para este tipo de alumnado.

Unha solución ecléctica pode ser seguir un plan de reforzo que prime a consecución das competencias e que, fundamentalmente, sexa posto en práctica polo profesorado de apoio, especialista ou non e, na aula de referencia, continuar co traballo habitual expresado na programación.

Neste contexto, parece claro que o bon facer de mestras e mestres axustará a súa programación ás necesidades reais do alumnado.

5. Responsabilidade do deseño.

Tal como temos recollido no Plan Xeral de Atención á Diversidade, o proceso, no caso de alumnado que precise medidas de RE con apoio de profesorado especialista, seguirá o camiño que aprobamos no seu dia.

O titor comunicará a necesidade da avaliación psicopedagóxica e, unha vez realizada, o deseño corresponde ao profesor/a, coa colaboración do profesorado especialista; o titor/a pode solicitar tamén a colaboración do departamento de orientación para a formulación concreta do plan.



6. Tipos de tarefas.

Convén incidir sobre o tipo de tarefas que deben ser incluidas no plan de reforzo. Repetir as mesmas coas que fracasou só nos asegura un novo fracaso.

Así, as tarefas deberán:

- Presentarse en contextos diferentes, de maneira que non sexan asociadas aos mesmos fracasos polos que se debe facer un plan de reforzo.
- Otorgarlle un papel activo ao alumnado; non limitarse a presentar enunciados e a “resolver problemas”. Deben ter un referente real.
- Resultan importantes para o alumnado, teñen sentido nos seus esquemas porque incorporan elementos da realidade que están a vivir.
- Motivadoras. A motivación conséguese tamén cando as tarefas son retadoras das capacidades. Pero para que estas capacidades sexan retadas é preciso asegurarse que a maior parte delas

poden ser superadas. Antes que nada precisamos da recuperación animica do alumnado, xa que a maior parte dos nenos que fracasan teñen a autoestima moi baixa.

- Permitir diferentes tipos de avaliación. A avaliación debe ser principalmente formativa, e para iso, o erro como fonte da aprendizaxe é fundamental. Se nos limitamos a "castigar" o erro con avaliación negativa, non alcanzaremos resultados.

- Estar moi definidas, moi claras, as actividades que debe facer o alumnado. Todo o profesorado quéixase da escasa autonomía dos rapaces para facer tarefas, pero isto pode ser debido tamén á que a linguaxe que usamos para definilas non as concreta de maneira suficiente para eles. Especialmente nos nenos con NEAE debemos extremar esta concreción e definición para que lles resulte máis doado alcanzar as metas que lles propoñemos.

- Estar nesa zona que Vygotsky chamou "zona de desenvolvemento próximo", é dicir, situar ao alumnado diante de tarefas que lle supoñan establecer asociacións que melloren o seu proceso cognitivo e, por tanto, a aprendizaxe ofrecéndolle ao alumnado retos cognitivos que están un pouco (pouco significa pouco) por diante do que, no momento en que que se ofrecen, poden alcanzar.

Con todo, non abonda coa predisposición e bon facer do profesorado. Sen a colaboración do alumnado e a súa familia no plan, non pode haber resultado algún. Por iso, a comunicación á familia do que se está a facer co neno/a e o que pretendemos conseguir, para que preste a máxima colaboración, resulta imprescindible. Esta comunicación deberá ser feita polo titor/a e poderá contar, se é o caso e o demanda, coa colaboración doutro profesorado e/ou departametno de orientación.

7. Aplicación do plan de reforzo

A aplicación do plan de reforzo é responsabilidade do profesor/a titor/a.

Coordinará tamén as actuacións doutro proferado que interveña no plan.



8. A avaliación do plan de reforzo.



Partimos da base de que o plan de reforzo, como as adaptacións, deben ser avaliadas, cando menos, a final de curso; para unha mellor coordinacion, é desexable que esta avaliación sexa ao final de cada trimestre co fin de establecer as medidas correctores de darse o caso.

O esquema presenta o modelo de avaliación proposto. A responsabilidade da coordinación -logo da avaliación tamén- corresponde ao profesorado titor que conta coa colaboración de todo o profesorado que interveña no plan, especialista ou non.

O departamento, como órgano consutivo, pode aportar criterios concretos para esa avaliación pero non avaliar os resultados académicos.

En todo caso, corresponde á xefatura de estudos a adecuada coordinación dos profesionais que interveñen na avaliación.

9. Modelo para a programación



O modelo que propón este plan é moi semellante ao que temos para a realización das adaptacións do currículo. Como indicamos antes, a diferencia está en que non se modifican, no caso do reforzo, elementos prescriptivos.